

MAREMAGNUM

publicación galega sobre os trastornos do espectro do autismo



nº 16 - 2012

*NENOS SALVAXES E
PSIQUIATRÍA INFANTIL*



NENOS SALVAXES E PSIQUIATRÍA INFANTIL

AUTISMO GALICIA

MAREMAGNUM

 AUTISMO GALICIA

Nº 16. Ano 2012

Número Ordinario

galego/castelán

Director

Cipriano Luís Jiménez Casas

ciprianoluis@menela.org

Consello de Redacción

Ana Martínez Díez

Enma Cuesta Fernández

Susana Rodríguez Blanco

Estrela Vázquez Allegue

Cipriano Luís Jiménez Casas

Corrección Lingüística

Secretaría Xeral de Política Lingüística e

Felicia Estévez Salazar

Ilustración portada

Berta Caccamo

Edita

AUTISMO GALICIA

Rúa Home Santo de Bonaval, 74 baixo

15703 Santiago de Compostela

Tfno. 34 981 589365

Fax 34 981 589344

E-mail: info@autismogalicia.org

www.autismogalicia.org

I.S.S.N. 1698-5966

Dep. Legal: 378-1997

Impresión

Difux, S.L.

Sumario

– GALEGO –

7

Editorial

NENOS SALVAXES E PSIQUIATRÍA INFANTIL

9

DE QUE FALAMOS CANDO FALAMOS DA INFANCIA
EN PSICOPATOLOXÍA. O NENO COMO SUXEITO

Federico Fernández Osorio

27

O NENO SALVAXE

Jean Garrabé

41

A PROBLEMÁTICA EDUCATIVA DOS NENOS SELVÁTICOS:
O CASO DE “MARCOS”

Gabriel Janer Manila

51

O CASO VÍCTOR DE AVEYRON E OS NENOS SALVAXES

Jaume Martínez Mas / Leticia Gómez Conde

67

ENTRE A PEDAGOXÍA E A PSICOPATOLOXÍA: O NENO
SALVAXE NO NACEMENTO DE A PSIQUIATRÍA INFANTIL

María Belén Martínez Alonso / Leticia Gómez Conde

81
NACEMENTO DA PSIQUIATRÍA INFANTIL
Cipriano Luis Jiménez Casas

93
O CEO DESDE A TERRA NA OBRA DE ROSALÍA DE CASTRO
María Pilar García Negro

109
MULLERES, LOUCURA, ESCRITA
Marilar Aleixandre

— CASTELLANO —

117
Editorial
NIÑOS SALVAJES Y PSIQUIATRIA INFANTIL

119
DE QUE HABLAMOS CUANDO HABLAMOS DE LA INFANCIA
EN PSICOPATOLOGÍA. EL NIÑO COMO SUJETO
Federico Menéndez Osorio

137
EL NIÑO SALVAJE
Jean Garrabé

151
LA PROBLEMÁTICA EDUCATIVA DE LOS NIÑOS SELVÁTICOS:
EL CASO DE “MARCOS”
Gabriel Janer Manila

161

EL CASO VICTOR DE AVEYRON Y LOS NIÑOS SALVAJES

Jaume Martínez Mas / Leticia Gómez Conde

177

ENTRE LA PEDAGOGÍA Y LA PSICOPATOLOGIA: EL NIÑO SALVAJE
EN EL NACIMIENTO DE LA PSIQUIATRIA INFANTIL

María Belén Martínez Alonso / Leticia Gómez Conde

191

NACIMIENTO DE LA PSIQUIATRIA INFANTIL

Cipriano Luis Jiménez Casas

203

EL CIELO DESDE LA TIERRA EN LA OBRA
DE ROSALIA DE CASTRO

María Pilar García Negro

221

MUJERES, LOCURA, ESCRITURA

Marilar Aleixandre

DE QUE FALAMOS CANDO FALAMOS DA INFANCIA EN PSICOPATOLOXÍA. O NENO COMO SUXEITO*

Federico Fernández Osorio¹

Psiquiatra Infantil

RESUMO

Abordar a clínica infantil en saúde mental, presupón como en toda práctica psicopatolóxica, que o clínico ten unha teoría e unha idea do que é o neno e do que é o psíquico. Saber da infancia, é dar conta da súa historia, do seu estatuto, do lugar do neno como suxeito, do seu ser, da súa condición psíquica e biolóxica etc. Todo iso son fundamentos esenciais para entender o quefacer psicopatolóxico, que en moitos casos se obvia e se dá como un saber presuposto, que non precisa de recoñecemento; e así locen certas prácticas. Así mesmo, é preciso dar conta do rexistro da linguaxe e da subxectividade, como o específico e diferencial do psíquico. Ao igual que determinar que é o que epistemologicamente nos dá entidade como especialidade.

De todo iso, derivarase o tipo de traballo que se vai realizar na prevención e na clínica infantil, fronte ao cientificismo e as derivas simplistas, reduccionistas e de patoloxizar as condutas, nas que se está empantanando certa práctica actual.

¹ O autor é Médico Psiquiatra da Unidade Mental Infantil do Hospital Materno Infantil, C. S. de A Coruña. Psiquiatra Infantil dos Hospitais de París; Longueil-Annel, 1971-1972 (Dr. Tosquelles); Necker-Enfants Malades (Prof. Mande y Dr. Amado); Alfred Binet (Profs. Levobici e Diatkine) e Vallé (Prof. R. Misés), en 1975-1976. Psicólogo Clínico; Especialista en Medicina Interna e Endocrinoloxía e Titor Clínico na USC e UDA.

* Ponencia presentada nas VII Xornadas “Clásicos en psiquiatría”, organizadas polo Servizo de Saúde Mental do CHUVI. Vigo, 25 de Xaneiro de 2012.

Introdución

Despois de máis de 30 anos de percorrido na práctica da psiquiatría infantil, dende aqueles comezos en París polos anos 70 con Tosquelles, Diatkine, Misés, Dolto etc. Preguntábame hoxe de que podía falarvos?, de psicopatoloxía?, dalgún caso clínico?, de tratamentos?... Pensei mellor, que algo tiña que devolverlles aos nenos do que deles aprendín e o moito que me ensinaron. E concluí, que a mellor homenaxe e pagamento a esa débeda, era expoñervos a base da clínica psicopatolóxica infantil: falarvos do que é o neno, é dicir, do suxeito/obxecto do coñecemento en saúde mental infantil... do ser do neno, que parece vén dado como un saber que non precisa de recoñecemento (e así locen certas prácticas no noso campo).

Toda práctica psicopatolóxica presupón e sostén unha teoría e unha concepción previa do que é o home, (ou o neno no noso caso). Aínda que hai algúns que nin consideran este presuposto e ao non saber que están manexados por unha teoría non teñen control sobre a teoría que os manexa e isto leva serios problemas na práctica (1). Por isto é importante ter claros os conceptos.

Se ao falar da clínica do adulto se comeza por entender que é o ser humano: a súa condición psíquica, biolóxica, social, antropolóxica, cultural etc.; parecíame importante comezar pola base, o primeiro ou básico do obxecto de estudo, que é o neno?, é dicir, dar conta do seu estatuto, a súa historia, o seu lugar, a súa entidade, o seu ser etc., fundamentos para entender a clínica psicopatolóxica.

Intentarei plasmar o que a miña experiencia de máis de 30 anos me mostrou e transmitirvos as reflexións e problemáticas que a clínica cos nenos me formulou e que aínda sigo formulándome e preguntándome.

Vou dividir a miña exposición en 3 temas. Cada un deles dálle sentido e fai comprender o seguinte.

Traballou nos Hospitais Psiquiátricos de Conxo; Ciempozuelos (Madrid) e foi Director Médico Psiquiatra no C. S. M. de Avilés. Cofundador e Psiquiatra Psicoterapeuta do Instituto de Psicoterapia del Niño y del Adolescente de Madrid (1977-1980). Participou en comisións de planificación; institucionais; clínicas; epidemiolóxicas; investigación, etc. para a Reforma Psiquiátrica do Ministerio de Sanidad (1983) e Asesor da Consellería de Sanidade (Xunta de Galicia) en materia de Saúde Mental (1996). Como experto participou en comisións e grupos de traballo relacionados coa Psiquiatría Infantil (CCAA e a nivel de Estado). Membro dos Premios Luis Martín Santos e L. M. Sacristán da A. E. de Neuropsiquiatría e conselleiro das revistas da A. E. de Neuropsiquiatría e Psiquiatría Pública.

Publicou máis dunha trintena de traballos en diferentes revistas científicas como: JANO; GRIAL; Tribuna Médica; Siglo Cero; Asoc. Española Neuropsiquiatría e Siso Saúde, entre outras. Con outros autores publicou unha quincena de libros a redor da problemática da Psiquiatría Infantil; Saúde Mental; Practica Psicanalítica; Trastornos de conduta nos adolescentes e Protocolos de Saúde Mental, entre outros.

TEMA I:
¿QUE É A INFANCIA?

Aínda que utilizo o termo de infancia como etapa cronolóxica, debo sinalar que máis que me referir á infancia como o xenérico, quixese resaltar, que cada neno (ao igual que todo ser humano) é diferente e ten diferentes reaccións ante os mesmos estímulos. Como di Spinke Jonze: “*O problema é que se estendeu a idea de que os nenos son só dun determinado xeito...*” (2)

O concepto de infancia aparece, segundo Ph. Aries (3), no século XV ao XVII, como un constructo da historia moderna. A infancia estaba ata entón subsumida e diluída como un todo do adulto.

Para algúns, falar da infancia é apelar a un sentimento de tenrura, a unha visión rosa, cándida, inocente e anxelical do neno.

Fronte a esta idealización, hai unha moi outra realidade do neno. A historia da infancia móstranos a función tan distinta que o neno tivo ao longo dos séculos. Así, por exemplo, etapas como a adolescencia é algo recente, que non existiu, como tal, anteriormente. O neno en tanto ser social, non queda fóra das leis do mercado, da economía e da produción.

Seguindo a Lloyd de Mause (4), se nunha época foi o infanticidio ou o abandono nas amas de cría, a forma de responder ao que socialmente supoñía o valor e o papel do neno; noutros tempos, foi a explotación laboral, nos albores da sociedade industrial; e hoxe éo, como consumidor na nosa sociedade, aínda que se dean aínda formas e desenvolvementos moi desiguais (manténdose en non poucos sitios, a explotación, o maltrato e o abandono).

A sociedade de consumo actual, móstranos o auxe que alcanzou o emporio económico montado sobre e arredor do neno: moda infantil, xoguetería, turismo-lecer, educación, saúde etc. Especialismos de todo tipo de consumo e de atención para os nenos... miles de millóns móvense arredor de e para o consumo infantil. De tal maneira que se o neno deixase de consumir ou se anulase o gasto consumista infantil, teríamos unha quebra da economía mundial, (que vale a actual crise).

Como botón de mostra vou darvos algunhas cifras ilustrativas do **gasto consumista infantil**,

*En USA (1985) (5)

Adolescentes /ano = 5,7 billóns de pesetas en roupa-videoxogos-discos-lambetadas

1,56 billóns de pesetas en xoguetes

*En INGLATERRA (5)

De 7 a 15 anos/ por ano

66.560 millóns de pesetas en roupa

22.800 millóns de pesetas en patacas fritas

44.184 millóns de pesetas en doces

Actual custo adolescente/ano (6): 9.000 libras anuais

*En ESPAÑA (Revista publicista n.º 36, decembro 2000)

Investimento en publicidade para nenos: 38.372 millóns pesetas

Quería expoñervos estas cifras mareantes, para mostrar que ademais de receptor e dador de amor, cariño e dozura, así como continuador da especie, o neno actual ten tamén unha realidade moi material e necesaria no proceso produtivo da nosa sociedade e que isto vai xogar un papel moi a ter en conta, para os que queiran analizar “as causas do neno “.

Pero é preciso engadir, que todo o anterior fala do neno occidental e da nosa sociedade, porque a realidade doutros nenos e zonas ou países é moi diferente e dramática (uns 115 millóns de nenos fan traballos que a OIT considera perigosos). (7)

Visión da Infancia

Hai un enfoque habitual de ver o neno dende un punto de vista paternalista e adultomórfico, como reservorio de ideais e ilusións, paraíso de tenrura e época dourada onde a natureza humana se reflicte como bondade, inocencia e candor.

Todo o cal contrasta coa outra realidade que se nos presenta máis recentemente, do neno agresivo, despótico, delincuente, tiránico, asasino... (noticias xornalísticas e dos medios de difusión foron pródigas en mostrar casos e sucesos deste tipo realizados por nenos).

O neno non é malo, nin bo por “natureza”. É o un e o outro. Ten a capacidade de facer o ben e o mal, ambos os dous inscritos en todo ser humano dotado de razón.

Como refire Winnicott “no neno hai amor e odio, ben e mal... e estes sentimentos non son experimentados con maior violencia polo adulto que polo neno pequeno”(8).

Pero dada a idea da inocencia e do estado de natureza no que está o neno, tendemos a crer que non discirne o ben e o mal e que está no limbo ou non se decata de todo aquilo que lle circunda ou atinxe. Xa Margarida Yourcenar sinalaba: “que a nosa época ignora ou nega o talento da infancia “(9.)

Ao seu nivel, dada a súa particularidade e singularidade, o neno capta, comprende, rexeita, fai, desfai, imita-integra-asimila e se identifica. Vou facer unha

digresión clínica: **imitación e identificación** son termos que se confunden e erroneamente se manexan conceptualmente ao abordar o saber sobre o neno, coas consecuencias prácticas que iso leva consigo e a lixeireza de conceptos que supón.

Imita o mono, o ser humano identifícase. Percibir, sentir, a conciencia etc; non é un acto de simple rexistro imitativo ou especular (propio do animal); senón que é intelectual e simbólico, creativo, singular e particular (propio do humano).

O mesmo sucede ao confundir **empatía**, atribuído ás neuronas espello, coa **simpatía** que tanto a nivel dos circuitos cerebrais como da elaboración mental ten diferentes rexistros e fenómenos explicativos.

E todo isto vai ter repercusións na clínica e na observación e valoración do acto do neno.

Neno como Suxeito

Retorno ao que viña tratando, hai unha resistencia a recoñecer no neno ser suxeito da súa propia historia. Non entender que o neno é suxeito da súa historia é relegalo a obxecto ahistórico sen capacidade de desexo, volver á visión organicista de pura necesidade biolóxica, ou ás visións doces-humanistas prestas a salvar o neno sen uso de razón e lanzalo ao limbo dos xustos.

Este descoñecemento ou negación da realidade do mundo infantil, atopámolo tamén en relación co campo do psíquico. Ata non hai moito pensábase que o neno non tiña problemas mentais, (aínda non está recoñecida a especialidade de psiquiatría infantil), que en tal caso, os malestares ou trastornos que puidese presentar serán unha falta da natureza, sexa esta biolóxica, ou do medio, educativa etc.

O neno exclúese así e ignórase que sexa capaz de sufrir e gozar, sentir e padecer, deprimirse e exaltarse, delirar e razoar..., é dicir, ter un psiquismo que ao igual que os demais mortais –e ao seu propio nivel– pregúntase sobre os temas de todo o humano: o amor, o sexo e a morte. Así mesmo, o de poder padecer todo canto atinxe ao existir, entre iso, ao desvarío.

Certo que agora e por razóns similares ás expostas, está a deslizarse un fenómeno oposto: se antes había un descoñecemento e ignorancia sobre os problemas mentais do neno, agora hai unha psicopatoloxización e medicalización da vida cotiá, do sufrimento, dos malestares, dos problemas e das relacións co saber, ou cos outros... Toda conduta do neno pode ser diagnosticada patolóxica polos manuais ao uso... e o que escape xa entrará nos códigos Z.

Antes por ignorancia, agora por patoloxizar toda conduta, en definitiva, o neno segue excluído da súa capacidade de ser e da expresión do seu sufrimento psíquico.

Óbviose con todo iso a pregunta e interrogantes acerca da conduta do neno, de como se confronta en tanto suxeito, á vida, (como todo humano), ao seu desexo e ao seu gozo, é dicir, non o excluír da ética.

Estas formas particulares de arranxarllas co seu desexo e o seu gozo, vanse manifestar nas formacións sintomáticas, na angustia, na repetición, na sublimación, na queixa, no sacrificio, na inhibición, en definitiva, na clínica.

A cuestión que se nos formula é, como cada neno dá conta destas formas particulares e singulares da expresión da súa demanda, do seu desexo e da inscrición do seu gozo. Isto é un dos retos da psicopatoloxía.

Pero en lugar de darlle unha resposta a isto, o que atopamos é que ante todo desaxuste do neno, se lle pon un diagnóstico, ou mellor, búscase unha lesión (cerebral, xenética, neurotransmisores etc.), e aplícaselle un tratamento *ad hoc*.

A responsabilidade do neno

Isto lévanos da man a outra reflexión nesta liña: a da anulación do valor do acto do neno, da súa responsabilidade. Si, da responsabilidade do neno.

A confusión entre responsabilidade e culpa fai máis difícil comprender o problema. A responsabilidade non se esgota na culpa, é fundamento dela. Como diría Gunter Grass “hai que pasar do sentimento de culpa ao sentido da responsabilidade” (10)

Responsabilidade é valor do acto, que o meu acto ten un valor, pertenceme, depara consecuencias. Podo ser responsable pero non culpable. Son rexistros distintos (xurídico, ético, moral).

A anulación da responsabilidade no neno supón o seu borramento como suxeito e o do valor do seu acto, da súa pertenza. Para un neno ser responsable (= responder), é saber que o seu acto en tanto **expresión** do ser (conduta, palabra, xesto, acción); **confírelle** un valor (positivo ou negativo); **leva consigo** unha atribución (pertencelle, é del, fíxoo); **depara** unhas consecuencias (válidas ou lesivas).

Quitarlle a responsabilidade, é dicir, o valor do acto, supón abolilo de pertenza subxectiva e reducilo a ser mero ente da especie, e facer equivalente o seu acto, ao do animal, a planta ou a pedra... como di Ricoeur: “Somos verdadeiramente libres cando somos responsables” (11).

Non sería bo quitarlle ao neno a capacidade do compromiso cos outros, de soste a liberdade e de facer propias as decisións, aprender a ter autonomía e capacidade crítica, máxime cando na casa, colexio, rúa etc., non fan máis que

bombardealo e mandarlle que teña responsabilidade. Nada se lle repite máis que, sé responsable! O neno sabe ben destas cousas e pide que lle dean un lugar e un recoñecemento.

De todos os xeitos, é difícil facer ver este valor do acto do neno cando os propios termos de infantil, pueril, menor, adulto pequeno, futuro home, supón o distinto como negado e o outro á parte.

Así mesmo, dicirlle a alguén pueril, infantil etc., supón termos desvalorizados e usados despectivamente para descualificar o dito ou os comportamentos de alguén, como así o testemuñan os feitos cotiáns.

Por iso ten unha maior significación e valor, e é moi de agradecer, que estas xornadas lle deran ao neno un lugar entre os clásicos.

Vou deixar, por falta de tempo, a outra pata sobre a que se apoia e pivota a responsabilidade do neno. Esta outra pata é a dos pais, en tanto responsables legais e para todos os efectos do neno.

Da **responsabilidade dos pais** e sobre todo das funcións parenterais, **sería moi** importante e necesaria unha reflexión en profundidade, porque na clínica infantil con todo alegría e crendo dar ciencia e dentro do tratamento, danse pautas, normas, indicacións aos pais de como actuar, é dicir, de como exercer a autoridade, a educación, dar valores, condutas etc., como unha técnica terapéutica máis. Case nada, saber e abordar todo isto que atinxe á educación, os valores etc. Non sei de que saber e onde se forman os clínicos nestes coñecementos, salvo que cada un despregue a súa intuición ou a proxección dos seus propios ideais ou realidades e o seu bo parecer. Non hai patente de curso nestes saberes.

E si que sería importante, aínda que teñamos que deixalo para mellor ocasión, abordar fenómenos como o declive da figura paterna; ou a deriva do pai xestor, management, colega do seu propio fillo, e as consecuencias derivadas diso como as agresións por parte dos pais a profesores, ou a quen lle chame á atención, ao non poder aceptar lle cuestionen o comportamento ou a capacidade do seu fillo, porque é vivido como fallo na súa xestión e non como apoios comunitarios na educación de todo neno (a escola, os maiores etc.).

Así mesmo, sería importante cuestionar o papel dos expertos e técnicos, que veñen usurpar o saber intrínseco de todo pai e nai –construído ao longo de séculos e xeracións– e pretenden que van ensinar e pautar como hai que amar, sufrir, gozar, sentir... como se isto se puidese pautar e receitar.

Por último, conviría reler algún autores doutro tempo, acerca das relacións pais/fillos ou do comportamento dos mozos, que non está moi lonxe do que vemos agora, e isto pódenos facer reflexionar sobre a realidade que nos atopamos como presente, e cito, por exemplo, dous autores españois:

- José do Campillo e Cossio, ilustrado asturiano que no ano 1741 describía as relacións pais / fillos e os comportamentos caprichosos dos fillos (Hércules-Astur edicións-grandes autores asturianos).
- Ortega e Gasset, ao referirse ao home masa, ao neno mimado ou ao señorito satisfeito (*La rebelión de las masas*).

TEMA II:

REXISTRO DA LINGUAXE E SUBXECTIVIDADE

Unha vez dada conta do estatuto do neno, vou referirme a dous rexistros sobre os que vai pivotar a clínica infantil e que nos permitan entender algúns aspectos da nosa práctica.

A. Rexistro da linguaxe

O neno habita, mora, vive polo menos en dous espazos ou lugares (se podemos falar así). Un é a súa casa, a súa vila, o seu medio sociofamiliar, aquilo que constitúe o seu hábitat, o seu ámbito físico. O que o inscribe como realidade xurídica.

Pero hai outro espazo, onde vive plenamente e é o que nos vai interesar – en canto ao ser– no noso traballo específico psicopatolóxico. É aquel que en belas e precisas palabras nos sinala Heidegger; “A linguaxe é a casa do ser. Na súa morada habita o home” (12.)

En tanto ser falante, o neno está bañado en palabras, vén inmerso na linguaxe. O poeta galego Bernardino Graña ao preguntárselle se relatara nas súas historias o que aprendera da súa avoa e da súa madriña, respondeu: “antes de nacer xa escoitaba o ambiente da taberna do meu padriño... O nacemento non é realmente o momento do parto... Ao ventre da miña nai chegábanme ás conversas, os faladoiros da taberna do meu padriño...” (12).

Para Habermas: “*Na intuición inmediata o espírito é aínda animal, só coa linguaxe e nel sepáranse o ser da conciencia e o ser da natureza para a conciencia... a linguaxe rompe o ditado da intuición inmediata e ordena o caos da diversidade de sensacións en cousas identificables, dálles nome*”... (13)

O neno unha vez que pasa de ser *infans* (o que non fala) e entra na linguaxe –que xa lle precede e o inscribe como humano na orde simbólica– transcende esta orde da natureza para entrar no que Levi-Strauss refire como a orde da cultura, propia e específica do humano, non reducida a un mero organismo.

Non hai pensamento sen linguaxe. “A linguaxe –en palabras de M. Foucault– representa o pensamento”...”non é un efecto exterior do pensamento senón pensamento en si mesmo “(14) (e isto trae repercusións clínicas, por exemplo, acerca da semioloxía dos delirios, ou ben, se haberá diferenzas entre trastornos da linguaxe e do pensamento).

Continúa Foucault...” *o que erixe á palabra como tal e a sostén por enriba do ouveo, os berros, ou os ruídos, é a proposición oculta nela. O neno salvaxe do Aveyron, por exemplo, non chegou a falar porque para el, as palabras seguían sendo marcas sonoras das cousas e das impresións que producen no seu espírito; non recibiron o valor da proposición. Podía pronunciar moi ben a palabra “leite” ante a cunca que lle era ofrecida, pero esta non era senón a expresión confusa do líquido alimenticio, do recipiente que o contiña, e do que ansiaba en pura necesidade. A palabra nunca se converteu en signo representativo da cousa”... (15) (Podía dicir leite como o loro fala, pero pola lingüística sabemos que non hai que confundir fala e linguaxe).*

E máis claramente nolo expresa Aristóteles: “*A voz é signo de dor e pracer e por iso a teñen tamén os animais... pero a palabra é para manifestar o conveniente e o danoso, o xusto e o inxusto e é exclusivo do home fronte aos demais animais ter, el só, o sentido do ben e do mal, do xusto e o inxusto*” (16).

No neno psicótico hai unha falla simbólica, en tanto a palabra non remite ao que metaforiza ou simboliza no rexistro da linguaxe, é dicir, ao que constitúe a representación. A palabra queda cosificada, petrificada, queda na súa literalidade, como sucedía no caso do neno salvaxe do Aveyron.

Queda o dito en puro dicir, sen relación significado/significante como signo lingüístico, nin fai cadea significante que remita á orde simbólica propia do humano e que o diferencia do sinal ou da simple comunicación animal.

O que significa a diferenza entre **fala e linguaxe** pode sernos moi útil para comprender e non confundir algunhas cousas na psicose, o autismo, o deficiente etc. Estes conceptos recollidos da lingüística e aplicados á clínica son importantes para entender que facemos na nosa práctica.

Así mesmo, da importancia da palabra e os seus efectos dan conta hoxe as neurociencias. Así, E. Kandel (Premio Nobel de Medicina, do ano 2000) afirma: “*na medida en que as nosas palabras producen cambios na mente dos nosos pacientes, as intervencións psicoterapéuticas producen cambios no cerebro... imaxes cerebrais realizadas en pacientes antes e despois de someterse a psicoterapia ou psicanálise demostran que o cerebro reorganiza plasticamente tras o tratamento... e conclúen, que xa non poden existir dúbidas de que a psicoterapia pode propiciar cambios detectables no cerebro...*” (17).

Xa na antigüidade para Platón a palabra era **Pharmakon** veneno ou medicamento-segundo a intención como se empregue, posto que a palabra modifica

a phisis de quen a oe. (18). (Observación que todos experimentamos de como unha palabra nos pode afundir ou nos pode animar ou estimular).

Aristóteles atribuía á palabra un triplo poder: “*cando é razoamento dialéctico convence; cando é discurso retórico, persuade; e cando é poema trágico purga e purifica*”. (19)

Se fago fincapé e me estendo no valor e importancia da linguaxe é porque é o instrumento específico e diferencial do humano. E é disto do que imos dispoñer para o noso traballo psicopatolóxico: un saber escoitar como clínicos. O neno fala, hai que escoitalo, e non unha escoita co embeleso da sedución.

Habemos de darlle ao neno un lugar propio, abrílo a unha demanda, unha escoita, un espazo, onde poder recoller e elaborar o seu dicir, a súa historia, a súa patoloxía. É algo seu –aínda que veña por vía de encargo ou traído por outro– hai que escoitalo, porque para el o seu sufrimento é o máis importante nese momento; ás veces, o único do que dispón e ten no mercado dos valores e dos intercambios afectivos. E cabe quizais que note que é a primeira vez que alguén está interesado polo seu sufrimento psíquico.

B. A Subxectividade

Se me referín ao rexistro da linguaxe voume referir a outro rexistro complementario e necesario para comprender a clínica psicopatolóxica: **A subxectividade**.

O neno no proceso do seu existir e de seu ser, **rompe coa orde da natureza e do instinto**, deixa de ser mero organismo, mero corpo biolóxico (órganos, vísceras, hormonas etc.) para inscribirse todo iso na **orde da cultura e do simbólico** onde rexen leis propias, obxecto dun saber diferenciado, particular e específico do subxectivo que non se esgota nas ciencias físico-matemáticas nin nas leis da natureza.

O neno en tanto humano non responde a unhas leis naturais nin instintivas xa dadas, inscritas e determinadas, que lle deseñan e marcan un lugar e o seu papel no mundo.

A esta indeterminación da especie humana non rexida polas leis da natureza, chamémola polo seu nome –**a liberdade**– é o que fai necesario a existencia de normas que non son puramente naturais, senón lingüísticas. (20)

Como describe Dostoiewski: “*a mosca, a planta, o raio de sol etc. saben cal é o seu lugar e participan do coro común e seguen unhas leis marcadas, mentres que só o home é un proscrito...*” (21).

Para Ortega e Gasset, “*esa vida que nos é dada non nos é dada feita, senón que cada un de nós ten que facela, cada cal a súa. Isto non acontece coa pedra, a planta ou o animal, a eles, éelles dado o seu ser prefixado e resolto... Por iso*

vida, no sentido de vida humana, no sentido radical da palabra vida, enténdese como biografía e non como bioloxía“. (22)

O que o home non se reduce ao instinto pode facer comprender porque pode atentar contra os seus máis primarios e básicos instintos: a fame, a vida, o pracer etc. E como o home non queda reducido á mera necesidade, senón que o atravesa o desexo.

Para E. From “*o home-o neno é o animal máis desamparado e desvalido pero esta debilidade biolóxica –non limitada, nin fixada ao instinto, nin á natureza– constitúe a base da súa forza, a causa primeira das súas calidades humanas...”* (23) (importante entender isto para non confundir a vulnerabilidade como anomalía).

Estar carente, descarreirado, e desvalido faino abrirse ao desexo e ao coñecer, forxarse unha existencia singular, consubstancial coa súa realidade... “*a capacidade e desacougo de sentirse perdidos, é o seu trágico destino e o seu ilustre privilexio...”* diranos Ortega (24).

Cada etapa que de neno a adulto percorre o home déixao inconforme e perplexo e esta perplexidade faille atopar solucións novas. A súa **vulnerabilidade** constitutiva faino capaz de buscar e resolver. Non hai unha forma única, dada, fixa e estruturada ou prefixada de resolver este desvalemto e extravío, este estrañamento e esta incerteza propias do ser humano. A resposta –como no sistema inmune– é de cada un, subxectiva, singular, particular, personalizada, do caso por caso.

A infinita diversidade de cada un é unha característica da existencia en tanto suxeito. A subxectividade non pode ter unha medida, unha homologación ou uns parámetros xerais e universais. Non hai escalas, cuestionarios, test, ítems que reflectan un saber do singular, subxectivo, do particular, do caso concreto.

TEMA III:

PREVENCIÓN EN SAÚDE MENTAL INFANTIL

Todo o dito anteriormente me dá pé para entrar no 3.º e último tema: a aplicación dos conceptos sinalados na clínica.

Vou comezar pola prevención en saúde mental infantil que vai enlazar directamente co último sinalado acerca da linguaxe e da subxectividade, e vouno facer cuestionando certa idea da vulnerabilidade como concepto equívoco e **confuso**.

Farei dúas precisións ao respecto:

- 1 Como se pode falar de prevención e como se fará esta en que remita a vulnerabilidade, se como explicamos, esta é constitutiva e consubstancial a todo ser humano—ao neno. A vulnerabilidade confírelle a capacidade de confrontarse e forxar a construción do seu ser e da súa identidade, “*a base da súa forza e a causa primaria das súas calidades humanas*” di E. From (23). Polo tanto, haberá que rescatar o concepto de **Resiliencia** que cadra máis para entender a prevención, que o de vulnerabilidade tomado como algo anómalo.
- 2 A demanda, saber, o sufrimento, o mundo inconsciente, o síntoma como expresión do ser, o subxectivo... non entran no rexistro do medible, cuantificable e obxectivo; nin do homoxéneo e homologable pola bioestatística.

En definitiva, non entra nos modelos preventivos e profilácticos dos programas de saúde mental infantil, coma se dunha víscera, un órgano, unha función fisiolóxica ou un obxecto se tratasen.

Un **falso mimetismo do modelo médico-biolóxico de prevención** non ten en conta o específico e diferenciado en saúde mental infantil, como é o subxectivo, o singular, o caso por caso... e aquí si que hai traballo preventivo para valorar e realizar. E claro que hai, por outro lado, necesidade de protección e coidados: do maltrato, do abandono, da explotación, dos dereitos do neno, da súa saúde e do seu benestar etc.

Non estará de máis alertar e preguntarse o porqué desta deriva galopante actual **de potenciar toda fragilidade e vulnerabilidade**—ignorando e obviando a resiliencia—.

Esta necesidade de exercer o *furor sanandi* e protector a toda a sociedade, para facela cada vez máis vulnerable, incapacitada, infantilizada, fráxil e dependente, necesitada de expertos, técnicos, guías, salvadores etc., ante calquera evento ou feito supostamente traumático, para reforzar así, a falta de decisión e iniciativa, de creatividade e de autonomía ou solidariedade, e favorecer pola contra a pasividade, a dependencia e a submisión.

Faise actual o lema kantiano da ilustración: *Sapere aude!*, atrévete a saber!, ten a coraxe de servirte da túa propia razón.

A Clínica en Saúde Mental Infantil

Paso a abordar algúns puntos referentes á práctica clínica infantil.

1. A necesidade de **reconsideración das patoloxías do desenvolvemento madurativo** tal como veñen entendéndose.

O criterio de **maduración** é de uso habitual no mundo animal e vexetal e en certa orde biolóxica ou orgánica dos organismos de cada especie. Como re-

fire F. Pereña: “*Conceptualmente a maduración implica que hai un obxecto que ten en si mesmo o seu propio código de desenvolvemento ou de normalización*”... “*na medida en que a subxectividade é unha alteración da vida corporal e da vida instintiva, a categoría da maduración non é aplicable á psicopatoloxía*”... (25)

Como sinala o biólogo molecular e neurocientífico S. Rose... “*Faise difícil analizar o desenvolvemento, en función dunhas respostas típicas de especie*” (26).

A subxectividade é unha dimensión inconmensurable e seguindo o dito por F. Pereña, a subxectividade impide ter unha concepción definida da normalidade. Ao carecer dunha categoría da normalidade queda un pouco indefinido o patolóxico.

A clínica do suxeito é unha clínica de historias, do caso por caso, do continxente, das biografías, das diferenzas específicas.

Xa nos alerta H. Arendt de que: “*a conduta uniforme que se presta á determinación estatística, polo tanto á predicación cientificamente correcta, non é en modo ningún inofensiva*”... “*as ciencias do comportamento –anulando a subxectividade– apuntan a reducir ao home –ao neno– a un animal de conduta condicionada*”... (27)

2. Que nos confire especificidade como campo do coñecemento propio do psíquico en saúde mental infantil? Epistemoloxicamente que nos dá entidade propia como especialidade?

De que suxeito nos ocupamos e que saberes nos son propios? Os nosos saberes esgótanse nas ciencias da natureza?, ou ben, hai tamén outros saberes non reducidos ao científico –ás ciencias– (non caer no erro do cientificismo crendo que a ciencia é o único saber). Debemos diferenciar **coñecemento-saber-ciencia**. A ciencia é unha parte do saber, e o saber é unha parte do coñecemento.

Este **cegamento cientificista** levou a que perdamos a riqueza e o rigor, a sutileza e a finura da semiloxía dos casos clínicos da psiquiatría e a psicoloxía clásicas; da observación e a anamnese; da escoita e a mirada clínicas; da creatividade como modo de coñecemento, para quedar reducido á mirada escópica, dos aparatos e as probas, ou ás escalas, cuestionarios, ítems etc.

Non pode haber unha ciencia dos valores, da beleza, os sentimentos, do amor, do xusto ou o inxusto, do ben e do mal etc. A todo isto non lle é aplicable o científico, son outros saberes os que están en xogo.

Como diría M.^a Zambrano “*saber é experiencia ancestral ou experiencia sedimentada no curso da vida, experiencias vitais, non repetibles por vontade como as que se efectúan nos laboratorios*”... “*saberes que aparecen tras un*

acontecemento extremo, enfermidade, morte dun ser querido, un desengano amoroso, ou a alegría e a felicidade“(28).

O físico, premio Príncipe de Asturias, Etxenique sinala: *“podemos saber que lei física goberna a vida, pero iso quere dicir que entendemos a vida, a beleza dun cadro, o amor ou o pánico nun estadio? As propiedades da vida como a beleza, a conciencia, etc, poden non ter sentido a escala celular“... (29).*

Ou ben como di S. Rose: *“crer que a bioquímica é dalgún modo máis fiable que os sentimentos que comunica unha persoa será un exemplo de lóxica-exjuvantibus” (30). “A bioquímica e a bioloxía molecular non son lugares para buscar a sede da alma“(31).*

3. Na consulta **de saúde mental infantil**, polo xeral, o neno tráese; **a demanda** vén a través do que o síntoma representa para os que se ocupan do neno (pais, escola, medio social, etc.).

Pero esta demanda, como toda demanda, haberá que avaliala, elaborala, e non tomala ao pé da letra. Haberá que ter en conta o sufrimento do neno e o que para el representa, que no intento de salvalo, non o botemos coa auga sucia.

Hai que escoitar a trama de historias que entretecen o lugar do neno, as historias dos seus pais e familia, o medio etc. Pero hai que darlle a el tamén o seu lugar, para que constrúa o seu relato, o seu dicir, a súa biografía, o seu malestar.

O neno fala e hai que escoitalo –ademais e tamén a quen o trae–. Non substituír o seu relato pola deriva actual de que antes de oír a súa historia, se lle apliquen escalas, cuestionarios, probas etc., en busca dunha etiqueta ou un diagnóstico previo.

Hai que construír primeiro unha historia, unha anamnese. Unha historia que non é do lado do amanuense, do historiador, do sociólogo, do antropólogo ou do literato. Ten que ver con algo de todos eles, pero é outra cousa, outra escoita. É unha historia clínica, que dá conta do seu sufrimento e a súa dor, do seu desexo e do seu gozo. Como refire Gadamer: *“a anamnese, o recordo, é unha forma do pensamento, do logos, é dicir, da busca” (32).*

4. A rampante **patoloxización dos malestares da vida cotiá e do sufrimento**, fai que calquera reacción vivencial, calquera evento ou malestar propio de existir sexa tomado como patolóxico.

O simplismo e reduccionismo ao que a vai abocada a clínica actual, leva a **confundir** e facer pasar:

- O síntoma pola enfermidade.
- A parte polo todo.
- As causas polos seus efectos.

E así nos atopamos, como a clínica se reduce a un prontuario de ítems, que protocolizados e envasados como guías clínicas, definen un trastorno ou enfermidade, ao cal se lle asigna un tratamento preestablecido (cúmprese así o sono do receitario, ou de dispoñer dun manual de instrucións).

Na clínica psicopatolóxica infantil, os trastornos ou enfermidades dos manuais diagnósticos, son en xeral meros síntomas, que no empobrecemento e o simplismo ao que se está a reducir a clínica, erixiunos en estruturas ou cadros clínicos. Nunca a medicina –a clínica– estivo tan lonxe das súas credenciais: non confundir síntoma con enfermidade (non ser un cazasíntomas).

En última instancia, este recorte da clínica en ítems e síntomas, segue sen abordar a realidade das estruturas clínicas e a expresión do sufrimento psíquico do neno.

Na liña do dito, vou poñer simplemente dous exemplos sacados dos manuais diagnósticos: o **TXD** (trastorno xeneralizado do desenvolvemento), esa etérea entidade nosolóxica caixón de xastre de confusión, e o **TDAH** (trastorno hiper-cinético e déficit de atención) erixido este en categoría diagnóstica eminente e unidade de destino no universal da psiquiatría infantil, que chega nalgúns servizos ou unidades de saúde mental infantil, a ser o 70% ou 80% da casuística, e convertese así na única entidade clínica da psicopatoloxía infantil. A hiper-cinesia e o déficit de atención (que claro está existen, senón non existiría a motricidade, nin a atención), en tanto síntomas ou signos –que remiten a unha multiplicidade de expresións, estruturas ou cadros clínicos– se se toman como entidade clínica diagnóstica única, óbvias e ignórase o saber da súa expresión e da súa etiopatoxenia, é dicir, de que entidade ou cadro clínico se trata en realidade.

Exporei outro exemplo, de como se desvirtúa e condiciona a clínica infantil, tan só mostrando como se presentan ou nomean hoxe en día nas consultas, os problemas que pode presentar o neno e como isto vai determinar a clínica: “Hai que chamar outra vez ás cousas polo seu nome” (R. Argullol).

- Rabechas-perrenchas Axitación**
- Non aguantarse-facer o que lle prace Impulsividade**
- Caprichoso-traste-rebelde Disruptivo**
- Negativismo-faltón-provocador Negativismo desafiante**
- Voluble-incontinente-prontos Explosivo intermitente**
- Desasosego-nervioso-malestar Ansiedade**
- Inquedo-non para- como unha moto Hiper-cinético**
- Distraído-non se centra-nas nubes Déficit de atención**

Vir á consulta cunha ou outra forma de presentar o problema xa vai predispoñer toda unha práctica clínica.

E isto non é unha banalidade ou unha anécdota enxeñosa. **Nomear as cousas patoloxizándoas, patoloxizar as condutas e comportamentos**, supón que facer as cousas ben ou mal, portarse axeitadamente, non será efecto da probidade moral, do esforzo, da temperanza, do dominio ou da libre elección, senón dos neurotransmisores, ou da xenética etc.

Confundir as condutas patoloxizándoas (claro está que hai condutas patolóxicas), supón que os esquemas ordenadores das boas ou malas accións, se substitúen por trastornos cerebrais ou mentais. “A retórica de enfermidade e terapias substitúen a liberdade do suxeito para decidir sobre a súa vida, para responder dos seus actos” (33).

Impera así a inocencia e **a impunidad como horizonte moral. A desresponsabilización** xeneralizada. A exoneración da persoa do compromiso da súa propia vida.

Conclúo, retomando o proverbio de A. Machado: “é o mellor dos bos quen sabe que nesta vida, todo é cuestión de medida, un pouco máis algo menos”.

Engado eu pola miña conta:

– **Un pouco máis** de rigor científico, de semioloxía, de escoita biográfica e de clínica psicopatolóxica.

– **Un pouco menos** de preguiza intelectual, de cazasíntomas e de patoloxizar as condutas.

E aquí remato no que poida parecer unha acritude, un baroxiano, ou un vello rabudo. Sei que o reto da clínica nos leva ao cuestionamento, á incerteza, ao rigor e a saber escoitar e aliviar o sufrimento do paciente-neno. Intentei reflexionar sobre a miña práctica de máis de 30 anos. Quería alertar –quizais parcializando– o que hai e o que non hai na clínica infantil. Perdoar a miña ousadía. Non dicilo sería traizoarme.

Bibliografía

- (1) BERRIOS, G. “Vieja y nueva psiquiatría”, *Maristan*, 1994, III, 6-7; p. 36
- (2) SPINKE, JONZE. *El mundo 10-XII-2009*
- (3) ARIÉS, P. H. *El niño y la vida familiar en el antiguo régimen*. Madrid: Taurus 1987
- (4) LLOYD DE MAUSE. *Historia de la infancia*. Madrid: Alianza 1982
- (5) CLARK, E. *La publicidad y su poder*. Barcelona: Planeta 1988; p. 246
- (6) BAUMAN, Z. *44 Cartas desde el mundo líquido*. Barcelona: Paidós 2011; p.51
- (7) “Niños explotados”, *El País* 24-I-12
- (8) WINNICOTT, D. N. *El niño y el mundo exterior*. B. Aires: Paidós 1980; p 172
- (9) YOURCENAR, M. *Con los ojos abiertos*, Barcelona: Plataforma Ed. 2008, p. 40
- (10) GRASS, G. *El País* 26-X-1997
- (11) RICOEUR, P. *El País* 28-4-1991
- (12) HEIDEGGER, M. *Carta sobre el humanismo*. Madrid: Alianza 2009; p. 11
- (12) GRAÑA, B. *El País* 5-X-07
- (13) HABERMAS, J. *Ciencia y Técnica como ideología*. Madrid: Tecmos 1992; p. 27
- (14) FOUCAULT, M. *Las palabras y las cosas*. Madrid: Siglo XXI, 1978, p.83
- (15) FOUCAULT, M. *Ibid*; p. 97-98
- (16) ARISTÓTELES. *La política* 1253^a; 11-12
- (17) ETKIN, POLAN e KANDEL, E. *Journal neuropsychiatric and clinical neurosciences* 17, 2005; 145-148
- (18) LAIN ENTRALGO, P. *La curación por la palabra en la antigüedad clásica*. 1.^a Ed. Barcelona; Anthropos 1987; p.106
- (19) LAIN ENTRALGO, *Ibid*; p.261
- (20) KLAPPENBACH, A. *Claves de la razón práctica* 2010, n.º 207, p.81
- (21) DOSTOIEWSKI, F. *El idiota*. 3.^a Edición .Barcelona: Bruguera 1979, p.506
- (22) ORTEGA Y GASSET, J. *El hombre y la gente*. Madrid: Alianza 2010; p.50
- (23) FROM, E. *Ética y Psicoanálisis*. 12.^a reimpresión. Madrid: F.C.E. 1980; p. 53-54
- (24) ORTEGA Y GASSET, J. *op.cit*; p. 45
- (25) PEREÑA, F. “Apuntes para una psicopatología infantil”. *Rev. Asoc. Neuropsiquiatría* 2011; 31 (110); p.255-269

- (26) ROSE, S. *Tu cerebro mañana*. Barcelona: Paidós 2008, p. 147
- (27) ARENDT, H. *La condición humana*. 3.^a reimpresión. Barcelona: Paidós 1998; p.54-55
- (28) ZAMBRANO, M.^a. *Notas de un método*. Madrid: Tecnos 2011; p. 147-148
- (29) ETXENIQUE. *El Mundo* 9-XII-2009
- (30) ROSE, S. Op.cit; p.248
- (31) ROSE, S. Ibid; p. 172
- (32) GADAMER, H. G. *El estado oculto de la salud*. Barcelona: Gedisa 2011; p. 127-128
- (33) RENDUELES, G. *Las drogas como metáfora tóxica*. Goze, 2000, III, 9; 21

DE QUE HABLAMOS CUANDO HABLAMOS DE LA INFANCIA EN PSICOPATOLOGÍA. EL NIÑO COMO SUJETO*

Federico Menéndez Osorio¹

Psiquiatra Infantil

RESUMEN

Abordar la clínica infantil en salud mental, presupone como en toda práctica psicopatológica, que el clínico tiene una teoría y una idea de lo que es el niño y de lo que es lo psíquico. Saber de la infancia, es dar cuenta de su historia, de su estatuto, del lugar del niño como sujeto, de su ser, de su condición psíquica y biológica, etc.

Todo ello son fundamentos esenciales para entender el quehacer psicopatológico, que en muchos casos se obvia y se da como un saber presupuesto, que no precisa de reconocimiento; y así lucen ciertas prácticas. Asimismo, es preciso dar cuenta del registro del lenguaje y de la subjetividad, como lo específico y diferencial de lo psíquico. Al igual, que determinar, que es lo que epistemológicamente nos da entidad como especialidad. De todo ello, se derivará el tipo de trabajo a realizar en la prevención y en la clínica infantil, frente al cientificismo y las derivas simplistas, reduccionistas y de pato logizar las conductas, en las que se está empantanando una cierta práctica actual.

1 El autor es Médico Psiquiatra de la Unidad Mental Infantil del Hospital Materno Infantil, C. S. de A Coruña. Psiquiatra Infantil de los Hospitales de Paris; Longueil-Annel, 1971-1972 (Dr. Tosquelles); Necker-Enfants Malades (Prof. Mande y Dr. Amado); Alfred Binet (Profs. Levobici y Diatkine) y Vallé (Prof. R. Misés), en 1975-1976. Psicólogo Clínico; Especialista en Medicina Interna y Endocrinología y Tutor Clínico en la USC y UDA.

* Ponencia presentada en las VII Jornadas "Clásicos en psiquiatría", organizadas por el Servicio de Saúde Mental del CHUVI. Vigo, 25 de Enero de 2012.

Introducción

Después de más de 30 años de recorrido en la práctica de la psiquiatría infantil, desde mis comienzos en París en los años 70 con Tosquelles, Diatkine, Misés, Dolto, etc, me planteo ¿de qué puedo hablar?, ¿de psicopatología?, ¿de algún caso clínico?, ¿de tratamientos?... pienso, que algo tenía que devolver a los niños de lo que de ellos he aprendido y lo mucho que me enseñaron. El mejor homenaje y pago a esa deuda, es exponer la base de la clínica psicopatológica infantil: hablar de lo que es el niño, es decir, del sujeto/objeto del conocimiento en Salud Mental Infantil... del ser del niño, que parece viene dado como un saber que no precisa de reconocimiento (y así lucen ciertas prácticas en nuestro campo).

